

24 de Novembro
Lugar: Auditorio Municipal
Hora : 20:30
Prezo 15 €
Taquilla: 981.102.897

ALASDAIR FRASER & NATALIE HAAS (Escocia)



A enerxía da música celta en diálogos virtuosos e delicados entre violín e chello

Entre a tradición e as novas posibilidades de fusión, Alasdair Fraser e Natalie Haas exploran novos camiños para a música celta. O violinista escocés máis aclamado comparte un novo proxecto cunha violonchelista que conectou perfectamente coa música folk. Desde o ano 2007 comparten escenarios en xiras por Europa e América, agora presentando o seu delicioso último traballo, *In The Moment*.

Xuntos, Alasdair e Natalie son capaces de explorar ao mesmo tempo o son máis tradicional e os novos camiños da fusión de violín e cello, nunha proposta absolutamente exquisita. "O cello foi sempre o corazón rítmico da música popular escocesa", di Fraser, "e Natalie Haas é a compañeira perfecta: complementámonos, mergullámonos no territorio do outro, sentimos e vibramos xuntos. Liberamos o cello

da súa atadura orquestral, para deixar que o seu ritmo se exprese xunto á melodía do violín”.

O resultado está a ser aclamado en recitais e festivais de todo o mundo: a música tradicional escocesa contaxia máis enerxía que nunca.

Alasdair Fraser

Alasdair Fraser naceu en Clackmannan (Escocia) e empezou a tocar o violín aos 8 anos. Licenciado en Física, abandonou a profesión de petrofísico en 1985 para dedicarse plenamente á música. En pouco tempo obtivo recoñecemento internacional como principal intérprete e profesor da rica tradición violinística de Escocia. Sinalado nalgunha ocasión como o “Michael Jordan do violín escocés”, Fraser é soado polo seu toque expresivo, a súa afable personalidade e a súa profunda comprensión da música do seu país.

Traballou en solitario, en dúos e con grupos tan variados como a Master Chorale de Los Angeles, os Waterboys ou os Chieftains, ademais de compartir unha actuación como solista no Lincoln Center de Nova York co violinista clásico Itzhak Perlman. Cunha ampla discografía, moitos dos seus éxitos formaron parte dos principais recompilatorios de música celta. O seu violín pode oírse nas bandas sonoras de películas como *Titanic*, *O último mohicano* e *Wyatt Earp*.

Máis información en <http://www.alasdairfraser.com>

Natalie Haas

En 2004 Alasdair Fraser presentou un novo dúo xunto á violonchelista Natalie Haas, coa que publicou o brillante álbum *Fire and Grace* e dous volumes do *Legacy of the Scottish Fiddle*. Natalie é unha nova intérprete e profesora de chelo, nacida en California e graduada no Juilliard School. En pouco tempo gañou un gran prestixio co seu Appalachia Waltz Trio, os seus dúos con Alasdair Fraser e as súas colaboracións con artistas como Hanneke Cassel, Patsy Reid ou Mikel Laboa.

Máis información en: <http://www.nataliehaas.com>